

Os músicos proviñan dunha bisbarra pertencente ao concello de Ponteceso

Os irmáns Moreira levaron a Bos Aires os sons dos seus acordeóns

Rescátanse as gravacións efectuadas polo dúo en América, nas que se fan acompañar doutros instrumentos e mesturan pezas totalmente instrumentais con temas cantados

Oscar Losada

A CORUÑA

A editora Ouvirmos volve realizar unha nova achega histórica con esta gravación recentemente editada dos traballos realizados pola parella de acordeonistas formada polos irmáns Moreira. Co subtítulo de *Acordeón Mariñeiro*, esta obra vén acompañada por un texto de Norberto Pablo Cirio, un especialista en temas musicais galegos que atinxen a Arxentina, no que se recollen datos biográficos e artísticos desta parella, que foron os primeiros en gravar pezas de acordeón aló por América.

Os irmáns Moreira son outros deses fillos da emigración que deu o noso país no século XX. A familia ten as súas orixes en Santo Eleuterio de Tella, bisbarra do concello de Ponteceso. Os pais destes artistas do acordeón tiveron sete fillos, seis deles varóns. A súa prole foi emigrando a América e escolleron a cidade de Bos Aires como punto de chegada.

Pedro e Manuel Moreira comezaron a realizar actuacións como acordeonistas en Galicia, na súa primeira formación contaban con tres acordeóns e unha batería, pero se-



Unha vella fotografía onde vemos aos irmáns Moreira a fronte cos seus acordeóns. / OUVIRMOS

receptores fundamentais da súa arte e os Moreira foron considerados os intérpretes de acordeón máis soubreiros daquela época.

Neste *cedé* recóllense as gravacións efectuadas por eles, dúas de *lousa* de 78 rpm, que datan de 1955 e 1956, e dous sinxelos de vinilo (de

ros arxentinos da década dos 60, e decidiron apostar por unha formación máis tradicional e popular, seguramente, como indica Norberto Pablo Cirio, para non perder de vista que os potenciais consumidores da súa música podían achar a presenza desa potente percusión como

nos que contaban coa colaboración de Ernesto Bermúdez, Xosé María Dans e o seu irmán Santiago Moreira.

Como curiosidade cómpre subliñar que esta formación artística tivo bastantes nomes diferentes ao longo da súa andaina musical, en-